



PLANIFICACIÓN XERAL DO PLANO DE ACCIÓN TITORIAL (PAT) DA ETS DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

OBXECTIVOS

Trátase dun plano que ten como obxectivo xeral ofrecerlle ao estudantado da ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos unha persoa de referencia no centro en que estuda, que o apoie e oriente academicamente ao longo da súa traxectoria formativa na universidade.

Neste sentido, optouse por implantar o PAT progresivamente a partir do curso 2009-2010, en que se implantou no primeiro curso da titulación de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos e Enxeñaría Técnica de Obras Públicas. A partires deste curso académico a implantación do PAT continúa nos graos de Tecnoloxía da Enxeñería Civil e de Enxeñería de Obras Públicas. Así, ó inicio de cada curso académico implántase o PAT no primeiro curso dos graos e dáselle continuidade ós estudiantes que xa participaron nos cursos anteriores.

CONTEXTUALIZACIÓN

Os estudiantes que acceden á ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da UDC, ás titulacións de Grao en Tecnoloxía da Enxeñería Civil (TECIC) ou ó Grao en Enxeñería de Obras Públicas (IOP), caracterízanse por acceder a través das PAU. No caso dos estudiantes que acceden ao grao en IOP, existe un número non desprezable de alumnos que acceden dende os estudos de Formación Profesional.

Os estudiantes, con carácter xeral, son orixinarios da comunidade autónoma de Galicia.

ANÁLISE DE NECESIDADES

No panorama educativo actual semella que o tránsito dende o ensino secundario cara á universidade resulta difícil para unha certa porcentaxe de estudiantes. O rendemento académico durante o primeiro curso universitario pode marcar en gran medida o desempeño posterior do estudiante. Consecuentemente, cómpre facer un especial esforzo para apoiar ós estudiantes durante o primeiro curso nos graos de TECIC e IOP. Así a figura do tutor debe facilitar aos estudiantes unha adaptación rápida e ben informada ao mundo universitario.

Ademais, no grao en Tecnoloxía da Enxeñería Civil os estudiantes deben cursar dúas materias optativas, mentres que no grao en Enxeñería de Obras Públicas os estudiantes debe escoller unha intensificación en terceiro curso e cursar un mínimo de catro materias optativas. Polo tanto, o tutor debe ser unha persoa de referencia coa que os estudiantes, que así o desexen, poidan buscar asesoramento sobre o seu itinerario académico.

A inserción dos estudiantes no mundo laboral é un aspecto clave para a ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos polo que dende hai anos ven organizando o “Foro de Empleo” que permite poñer en contacto aos estudiantes da Escola coas principais empresas de ámbito nacional no sector da enxeñería civil



METAS E OBXECTIVOS

Con carácter xeral, o PAT estará xustificado na medida en que sexa valorado positivamente polos seus destinatarios, que son os estudiantes da ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos que voluntariamente participen nel.

Consecuentemente, o PAT debe servir para facilitar un tránsito suave dende o ensino secundario á universidade o que debe quedar reflectido nos niveis de éxito do primeiro curso.

O PAT tamén debe servir para asesorar academicamente a aqueles estudiantes que así o desexen, de maneira que o seu esforzo persoal obteña rendemento e os itinerarios académicos manteñan un mínimo de racionalidade.

LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

1. Fase de inicio ou toma de contacto

Coñecida a existencia e función do Plano de Acción Titorial (PAT) por parte do estudiantado a través da carta de benvida remitida polo Director da Escola a principios de curso e o acto de acollida ós estudiantes de novo ingreso, a primeira fase no seu desenvolvemento será a participación voluntaria dos estudiantes no PAT. Para isto, os estudiantes deberán anotarse nunha lista co seu nome e apelidos, titulación na que están matriculados e correo electrónico.

Unha vez coñecidos os/as estudiantes de primeiro curso participantes, a persoa coordinadora do PAT no centro, reunida co profesorado titor participante no PAT, distribúe o estudiantado. O ideal é que a ratio non supere os dez estudiantes por titor/a.

O seguinte paso será a posta en contacto do profesorado titor co seu estudiantado. Neste caso poden darse varias alternativas:

1. Que o profesorado titor remita un correo electrónico ós estudiantes para comezar a acción titorial.
2. Se o profesorado titor tiver docencia co grupo-clase, pode avisar persoalmente ao estudiantado do comezo da súa acción titorial.
3. No taboleiro de anuncios da ETSECCP, o profesorado titor pode informar e convocar o seu estudiantado do programa PAT.

Para lle dar unha maior naturalidade ao proceso e crear o clima de confianza necesario sería aconsellable que:

- A primeira actividade titorial fose en grupo, deste xeito, pode ser percibida menos fiscalizadora por parte do estudiantado.
- Se non houber inconveniente, por ambas as dúas partes, o ideal sería que o estudiantado puidese continuar co/a mesmo/a titor/a co que iniciaron a experiencia durante toda a súa estancia académica. Deste xeito, poderíase facer un seguimento e comprobar se varían as necesidades de orientación a medida que aumenta o seu nivel académico.

2. Temáticas que se poden traballar na actividade titorial

Enténdese que unha acción titorial axeitada debe centrarse nos seguintes aspectos:



Coñecemento do funcionamento do centro por parte do estudiantado:

planificación de horarios, tutorías, calendario de exames, coñecemento de actividades culturais e formativas para mellorar a titulación, situación das materias no plano de estudos, planificación e organización das prácticas na titulación, espazos para realizar tutorías ou traballos académicos en grupo, funcionamento de servizos (biblioteca, reprografía, cafetaría), existencia de asociacións estudiantís e grao de coñecemento dos seus representantes estudiantís, coñecemento do profesorado e do equipo directivo, información do Espazo Europeo de Educación Superior etc.

Obxectivo do/a titor/a: Coñecer cal é o grao de coñecemento do estudiantado sobre o funcionamento do centro, detectar puntos fortes e débiles e como estes poden estar a afectar aos procesos de ensino-aprendizaxe. Propor tarefas iniciais para solucionar os aspectos más destacables.

Coñecemento do estudiantado e de si mesmos:

razóns da escolla da carreira universitaria, cal é o seu nivel de motivación, razóns ou problemas ao elixir as materias optativas ou de libre elección, coñecer a metodoloxía que empregan para estudar, como buscan información para completar a impartida nas clases e para facer os traballos en grupo, cales son as súas habilidades orais e escritas, cal é o grao de coñecemento da súa futura profesión, cal é a relación entre o seu nivel de dedicación e os resultados conseguidos, percepción do trato que reciben por parte do profesorado, prexuízos sobre profesorado ou materias que determinen o seu rendemento, como resolven os problemas de comprensión, como elaboran memorias ou informes académicos, cales son as razóns que os/as levan a elixir os/as compoñentes do grupo para faceren os traballos, como é o seu nivel de integración no grupo, repartición de tarefas, cando se reúnen etc.

Obxectivo do/a titor/a: suxerir xeitos diferentes de estudar e aprender, informar de cursos de formación e actividades complementarias, ofrecer orientacións xerais sobre a elaboración de traballos, facer un seguimento seu, reflexionar convxuntamente co grupo ou co estudiante individualmente sobre como está a enfocar o seu proceso de aprendizaxe, derivar as necesidades específicas que poidan observarse aos diferentes servizos que ofrece a universidade etc.

Análise do rendemento académico:

Tempo de dedicación do estudiante ó estudo persoal, organización do traballo e técnicas de estudo aplicadas en función das características das diferentes materias, planificación de itinerarios académicos, criterios de selección de materias optativas, valoración do rendemento académico.

Obxectivo do/a titor/a: aconsellar ós estudiantes sobre as técnicas de estudo más axeitadas, así como os niveis de dedicación ó estudo persoal, guiar no deseño dos itinerarios académicos etc.

Coñecemento da acción titorial desenvolvida polo propio titor:

tempo dedicado ás tutorías, fomento do diálogo e a participación, creación dun clima de confianza, flexibilidade na planificación da acción titorial, proporción de absentismo do estudiantado, nivel de motivación para exercer a miña función como titor/a, nivel de coñecemento dos servizos que lle presta esta universidade ao/á estudiante, nivel de coñecemento do centro en que traballo, nivel de coñecemento pedagóxico para orientar os procesos de aprendizaxe do meu estudiantado etc.



Obxectivo do/a profesor titor/a: Reflexionar sobre a súa actividade titorial e detectar necesidades formativas para o seu desenvolvemento, canalizánndoas a través do persoal coordinador do PAT no centro para poder ser derivadas ao CUFIE ou outras instancias formativas que a universidade ofrece para tal fin.

3. METODOLOXÍA

Para o coñecemento dos indicadores anteriores, utilizaranse as fichas propias de cada etapa da acción titorial.

*Para o estudiantado que se inicia por primeira vez no programa (Ficha de iniciación, seguimiento e avaliación do/a titor/a e avaliación dos estudiantado titorizado).

*Para o estudiantado con experiencia no programa (Ficha de seguimento para o profesorado, Ficha de avaliación da experiencia do profesorado e Ficha de avaliación do estudiantado).

O contido ou información dos documentos que se xeneren para cada unha das accións titoriais realizadas dependerá de como cada profesor/a titor/a está a vivir a súa experiencia titorial e como a organizou e a planificou.

As modalidades de titoría que cómpre desenvolver serán de dous tipos: en grupo e individuais. A frecuencia na utilización dunha modalidade, ou preferencia dunha sobre a outra, dependerá da necesidade sentida en cada fase do proceso polo estudiantado e polo/a profesor/a titor/a.

Iniciada a toma de contacto co estudiantado, ademais das reunións que este solicitar, o ideal sería a realización de dúas sesións de titoría máis: unha de seguimento (mediados de curso académico) e outra ao final do curso.

Os diversos modelos de informe poden atoparse no seguinte enderezo electrónico:

<http://www.udc.es/cufie/ufa/patt/documentos.html>

4. TEMPORALIZACIÓN

Estudiantes de nova matrícula:

Información durante o acto de acollida que ten lugar o primeiro día de curso.

Inscrição voluntaria de estudiantes: dúas primeiras semanas do curso

Reunión inicial titores e publicación da lista de asignación de titores: primeira-segunda semana de outubro.

Primeira xuntanza titor-estudiantes: mes de outubro

Con independencia da utilización das titorías demandadas polo estudiantado, farase unha titoría de seguimento unha vez finalizado o primeiro cuadrimestre (marzo) e outra, antes do comezo dos exames finais (maio). Nesta última reunión, ao estudiantado de primeiro entregaráselle a Ficha de avaliación do PAT para estudiantado que se inicia no PAT, en que se recolle as súas impresións sobre a utilidade do programa para a súa traxectoria formativa.



Para o estudiantado con experiencia no PAT (segundo curso e seguintes), a temporalización do programa será á demanda do/a estudiante ou grupo de estudiantado que o solicitar (Ficha de seguimento de estudiantado con experiencia no PAT). En calquera caso, sería deseable que antes de remataren as clases académicas, o estudiantado fixese a súa valoración sobre o PAT (Ficha de avaliación de estudiantado con experiencia).

Para o estudiantado do último curso das titulacións será de particular interese o *foro de empleo* que a Escola organiza todos os anos no mes de abril ou maio, e no que participan as principais empresas do sector da obra civil a nivel nacional e autonómico.

5. AVALIACIÓN

O modelo de avaliación polo que se opta é un modelo de avaliación compartido, froito do intercambio de experiencias entre o persoal titor co/a coordinador/a do centro.

Esta avaliación ten un dobre obxectivo:

1. Valorar a experiencia tutorial no centro
2. Valorar o PAT

A planificación e avaliación do PAT quere estimular os procesos colaborativos e de intercambio de experiencias na Universidade. Nesta dirección, desde a coordinación do centro e das reunións que desenvolvan co seu equipo de titores, detectadas as debilidades e fortalezas do centro, do estudiantado, da docencia e da nosa función tutorial, tomaranse conjuntamente, decisións e principios de actuación que serán recollidos no documento para o persoal coordinador do centro: Memoria final do PAT na titulación.

A Avaliación complétase coas fichas confeccionadas para este fin por parte da UDC e que son cubertas tanto polo coordinado como por cada un dos titores.